

## Feiras do Abril

# Tres días de festa que deixan un sabor de boca moi galego

As celebracións, que arrancan este sábado, finalizan o luns coa Festa da Empanada

Iago Rodríguez

Todo está listo en Val do Dubra para acoller a que é unha das celebracións máis agardadas pola veciñanza, unha festa emblemática que marca o inicio da primavera. As Feiras do Abril volven un ano máis á súa cita con veciños e visitantes, entre o sábado 4 e o luns 6 de abril.

Nos seus comezos, a celebración arrancaba o luns da primeira semana de abril e continuaba o martes e o mércores. Posteriormente, decidiuse trasladar os actos ao sábado, domingo e luns que abren abril. Pero se algo non cambiou foi a elección deste último día, o luns, para albergar a gran festa gastronómica do concello; a Festa da Empanada.

«É o día que máis xente se xunta na vila, xa que tamén celebramos a feira tradicional de cada mes, pero o principal atractivo é a empanada», explica Antonio Negreira, tenente de alcalde dubrés.

O municipio exalta esta típica receita galega porque dende hai décadas acolle mestres panadeiros comprometidos coa tradición local. «Val do Dubra é territorio de panadarías, que fan un traballo exquisito e conseguen que este sexa un produto valorado. Moita xente achégase o luns só para degustar as empanadas», declara Negreira.

A carpa estará operativa desde cedo ata arredor das 20.00 horas, e será alí onde as panadarías locais Bembibre e Sarote dean de comer ao público. «Cada ración contará cunha porción elaborada por cada unha destas casas», confirma o tenente de alcalde. E haberá recheos para todos os gustos: bacallau, zorza, atún, carne, bacallau con uvas pasas, etcétera.

O ano pasado tamén se adoptou este formato de dobre porción por comensal, chegando a vender ata setecentos pratos deste manxar tan prezado. Pero Bembibre non só arrecenderá a empanada, xa que tamén haberá racións de polbo da man de Pulpería Guerra para satisfacer os padais dos visitantes.

Ademais, a aposta gastronómica das Feiras do Abril tamén será visible a través das degustacións de vaca cachena, pan do Val do Dubra e petiscos de produtos lo-

cais que están previstas para este sábado. Xa o luns, as Feiras do Abril pecharán por todo o alto cunha animada verbena a cargo do dúo Matices. ■



A Festa da Empanada serve para poñer en valor esta tradicional receita galega.

CEDIDA

# VAL DO DUBRA

# FEIRAS DO ABRIL

**SÁBADO, 4 DE ABRIL · FEIRAS DO ABRIL**

MERCADO ARTESANÍA / XOGOS TRADICIONAIS /  
EXHIBICIÓN MAQUINARIA / DEGUSTACIÓNS / OBRADOIROS /  
CHARLA / MONÓLOGO / POLBEIRA

## GRUPO CLAXXON

## DISCO MOBIL CDC

**DOMINGO, 5 DE ABRIL · FEIRAS DO ABRIL**

EXPOSICIÓN DE GANDO / MERCADO ARTESANÍA / XOGOS  
TRADICIONAIS / EXHIBICIÓN MAQUINARIA / OBRADOIROS /  
TIRO CON ARCO / DEMOSTRACIÓNS / RUTA CABALAR /  
FALADOIRO / SIMULACRO P. CIVIL / POLBEIRA

## TRÍO ALBORADA

**LUNS, 6 DE ABRIL · FESTA DA EMPANADA**

MERCADO DE PRIMEIRO DE MES / POLBEIRA

## DUO MATICES

## Feiras do Abril

# «A festa axuda a dar a coñecer a nosa cultura e patrimonio»

O tenente de alcalde, Antonio Negreira, subliña que a celebración contribúe a presentar o concello como polo turístico e residencial

«As Feiras do Abril son unha referencia na contorna ao comezo da primavera». Así define Antonio Negreira, tenente de alcalde de Val do Dubra, unha das celebracións máis emblemáticas do municipio, xunto coa prezada Festa do Emigrante.

A cita busca renderlle homenaxe ao rural galego, poñendo en valor aqueles oficios tradicionais que contribuíron a construír Galicia no pasado e que, co paso do tempo, tamén foron evolucionando. «As Feiras do Abril remóntanse a tempos moi antigos, e foron experimentando unha transformación progresiva, ao igual que aconteceu cos procesos produtivos da nosa terra. Antes estaban máis ligadas ao comercio agrícola e gandeiro», explica.

Hoxe en día, Negreira subliña que «seguen sendo unhas datas moi especiais e moi queridas pola veciñan-

za. A tradición sempre ten un valor ao que paga a pena volver». Ao seu ver, esa evolución percíbese en que as Feiras do Abril seguen a reivindicar ese espírito rural, pero, ao tempo, ábrese á participación do sector hostaleiro e de distintas propostas lúdicas, como as exposicións de gando e de maquinaria agrícola ou os obradoiros de artesanía. «Todos estes cambios indícanos cara a onde vai o futuro», opina.

**«As Feiras do Abril son unha referencia na contorna ao comezo da primavera», destaca o tenente de alcalde**

Negreira tamén vencella esta primeira fin de semana de abril a un ambiente de alegría compartida en Val do Dubra, pois xérase unha ilusión colectiva que convida a gozar da cita en compañía de amizades e familiares. «Ten unha vinculación emocional moi forte. As feiras achegan diversión e convidan a fortalecer as relacións familiares e a conexión coa xente moza», sinala.

Neste sentido, lembra que antigamente existía mesmo un día dedicado expresamente á mocidade, coñecido como a Feira dos Mozos. «Nesa xornada acabaron necendo moitas relacións afectivas», lembra.

Nunha época como a Semana Santa, na que moitas persoas aproveitan para descubrir novos destinos, Val do Dubra saca partido desta celebración tan asentada como escaparate do seu potencial turístico.



Antonio Negreira Noya durante a presentación da edición anterior das Feiras do Abril.

co. «É un factor moi importante para dar a coñecer a nosa cultura e o noso patrimonio natural dentro da comarca. Somos un concello cunha contorna perfecta para practicar sendeirismo, con ríos moi importantes, como o Tambre, ademais de múltiples posibilidades para desenvolver actividades ao aire libre, como a pesca», defende.

Ademais de poñer en valor a súa privilexiada situación xeográfica, Ne-

greira explica que as Feiras do Abril contribúen a presentar Val do Dubra como un lugar atractivo para vivir. «É tamén unha maneira de favorecer a chegada de poboación. Esta vila ofrece un ambiente marcado pola tranquilidade e conta con espazo suficiente para acoller aquelas persoas que buscan unha vivenda», afirma. E engade: «Estamos ao carón de Santiago, algo que lle dá aínda máis atractivo». ■

**TALLERES BALEATO**

DC Dacia

Rúa Arcaí, 3  
Bembibre - Val do Dubra  
T. 981 889 310  
www.talleresbaleato.com

**señaris**

EXPERIENCIA, RIGOR E COMPROMISO  
CO SECTOR GANDEIRO

Almacenes Señaris, S.L.  
administracion@almacenesseñaris.com  
Comercial Veterinaria Señaris, S.L.  
comercial@almacenesseñaris.com

tiendasseñaris.com  
www.gruposenaris.com  
Móbil 619 574 149

Empresa colaboradora: **Catalana Occidente**

**RD REVESTIMIENTOS VAL DO DUBRA**

- Reformas en general
- Fachadas de aislamiento
- Trabaxes en altura
- Canalones de aluminio
- Colocación e limpeza
- Tabiquería de pladur
- Morteros e pinturas

981 889 109 | 606 026 924  
Malvárez. Rial | 15874 Val do Dubra  
rvd-97@hotmail.com

**Talleres NOYA**

Manuel Noya Fraga  
info@talleresnoya.com  
Tif. 981 889 378

Rúa Río Dubra, 19 Bembibre  
15873 Val do Dubra  
A Coruña

@talleresnoya  
talleresnoya  
www.talleresnoya.com

**ESPECIALISTAS DE EMBALAJE**

CALIDAD - EQUIPO - RAPIDEZ

**XALLAS EMBALAJES**

Ctra. AC-406 Santiago - Santa Comba, km 18  
Paramos, 15872 Val do Dubra  
Rúa Polonia, 33-35. Polígono Costa Vella  
15707 Santiago de Compostela  
pedidos@xallasembalajes.com  
www.xallasembalajes.com  
T. 981 89 29 96 | M. 669 352 062

## Feiras do Abril

CEDIDA

# «Estas celebracións simbolizan o orgullo que é ser dubrés»

O alcalde, Diego Luís Díaz, convida a veciños e visitantes a gozar da programación festiva

Iago Rodríguez

Val do Dubra convértese do sábado 4 ao luns 6 de abril nun fervedoiro de xente desexosa de gozar dunha das súas citas festeiras por excelencia: as Feiras do Abril. «Estas celebracións simbolizan verdadeiramente o orgullo que supón ser dubrés», explica o alcalde, Diego Luís Díaz.

Cun bo feixe de actividades orientadas a rememorar os oficios tradicionais que exercían os nosos antepasados na Galicia rural, esta feira transformará o espazo público de San Lourenzo de Bembibre nunha vila transportada no tempo. «Estas eran unhas feiras tradicionais nas que a xente mercaba gando e alimentos procedentes do campo. Pénsase que datan do século pasado, pero non se ten a certeza absoluta. Mesmo poden ter a súa orixe nunha época anterior», sinala o rexedor sobre a historia da celebración.

O certo é que Val do Dubra segue coa tradición de celebrar unha feira tradicional o primeiro luns de cada mes.

E dentro dese costume, as de abril son as máis agardadas no calendario: «Son moi bonitas porque todas as xeracións de Concello puideron vivirlas ao seu xeito. Son días de poñer en valor esa forma de vivir rural que tanto marcou Galicia. Por iso desde o Concello sempre tratamos de poñer o noso maior esforzo para adaptala aos tempos actuais e que siga tendo éxito».

Ao longo das tres xornadas das Feiras desenvolveranse propostas como un mercado de artesanía, unha exhibición de maquinaria agrícola, xogos tradicionais, charlas sobre diferentes oficios do campo ou obradoiros creativos. Unha completa programación na que destaca particularmente un sector. «Enfocámonos bastante na artesanía local porque vemos que gusta moito. De feito colaboramos con Artesanía de Galicia e coa Deputación de Coruña para promocionar estes produtos», apunta Díaz.

Así, un dos emblemas da festa é o mercado de artesanía, espazo que contará con máis de 40 expositores e que dinamiza as celebracións grazas



O alcalde, Diego Luís Díaz, no centro, tras as pandeireteiras, inauguración das Feiras do Abril do ano pasado.

### HISTORIA

## O rexedor destaca a aposta pola artesanía, cun mercado con máis de 40 expositores

ao traballo dos creadores locais de toda a vida. «Os festexos abarcan diversos sectores, así que a implicación dos veciños é fundamental. Para nós, é un orgullo colaborar cos músicos, gandeiros e artesáns que levan con orgullo o nome de Val do Dubra por onde van e axudan á divulgar a importancia dos seus oficios», declara.

Tras a chegada do actual Goberno municipal, hai tres anos, optouse por

cambiar a ubicación das Feiras, que pasou a estar ao carón da Casa do Concello, en pleno centro da localidade. «Decidimos achegala máis á vila para que os hostaleiros e comerciantes locais puidesen ter a feira a un paso e aproveitar este grande investimento que fai o Concello.

Ademais, pensamos que é máis interesante para a cidadanía de a pé», di o rexedor sobre a decisión.

En plena Semana Santa, as Fei-

ras do Abril preséntanse como unha ocasión única para visitar Val do Dubra. «É unha cita recoñecida na comarca e a veciñanza non falla. Convido a todos a que veñan visitar o noso Concello e que volvan», conclúe o alcalde. ■

J. ROSENDE



Diego Luís Díaz, alcalde de Val do Dubra.

**INSATEL**  
**Insatel Instalaciones s.l.**

Arcal, 124 Bajo D - Bembibre - 15873 Val do Dubra (A Coruña)  
Tfns: 981 892 934 - 629 845 252 | info@insatel.com | www.insatel.com

**Eva Barreiro**  
clínica dental

C/ Arcai 72, Bembibre 15873 Val do Dubra  
info@clinicadentalevabarreiro.com  
www.clinicadentalevabarreiro.com  
881 307 445  
604 180 707

Nº colegial: 15001277  
Registro sanitario: C-15-006894

**CENTRO ÓPTICO**  
**DEUS**  
VISIÓN E AUDICIÓN

📍 Rúa Arcai 53 - 15873 Bembibre, Val do Dubra (A Coruña)  
☎ 981 889 717 ✉ dubra@centroopticodeus.com ES-15-000286 / ES-15-001342

📍 Rúa de Vista Alegre 112 - 15075 Santiago de Compostela (A Coruña)  
☎ 981 587 088 ✉ santiago@centroopticodeus.com E-15-001405